

ten o remate da causa que deu lugar á renuncia ou rexeitamento do contrato ofertado.

5.4. As reclamacións que se presenten por causar baixa nas listas serán tratadas na comisión de seguimento, que emitirá un informe sobre o seu tratamento.

5.5. Agás causa xustificada, consonte a norma anterior, desde a oferta de contratación e o inicio da relación laboral non mediarán máis de cinco días hábiles. A non incorporación neste prazo considerárase rexeitamento inxustificable do contrato e suporá a baixa na listaxe de agarda.

5.6. A oferta de contratación realizarase por escrito só de apreciarse a posible concorrencia de causa de rexeitamento, xustificada ou non, da correspondente oferta de emprego.

5.7. Producido o remate ou cesamento no contrato, o/a traballador/a permanecerá na listaxe de agarda pola súa orde correspondente.

5.8. As listaxes de agarda serán públicas e expoñanse actualizadas semanalmente na páxina web da universidade. Estarán inicialmente integradas por un máximo de 75 persoas.

Sexto.-*Adscricións provisionais.*

6.1. No prazo da convocatoria o persoal fixo poderá solicitar cambio de quenda e/ou cambio de localidade na mesma categoría, de ser o caso.

6.2. Cando exista a necesidade de cubrir un posto de traballo que posibilite un cambio de quenda, localidade, farase consonte os seguintes criterios e prioridades:

a) Cambio de quenda, de existiren varias solicitudes de persoal fixo a prelación fíxase na seguinte orde: persoal da unidade, do centro ou persoal do campus, antigüidade na categoría e na Universidade de Vigo, no caso de empate.

b) Cambio de localidade, aplicarase o criterio previsto no punto 5.2.e). De existiren varias solicitudes a prelación fíxase na seguinte orde: antigüidade na categoría na Universidade de Vigo e na localidade de orixe. Terá preferencia o persoal fixo.

6.3. O cambio ofreceráselle a quen lle corresponda pola orde establecida na lista correspondente. De rexeitalo decaerá na solicitude. Se non fose posible establecer comunicación nun prazo de 48 horas continuará na lista na posición que lle corresponda e ofreceráselle o posto ao seguinte da lista.

6.4. Cando o posto ofertado sexa rexeitado ou non se poida establecer comunicación, anotarase nas observacións as circunstancias relativas á comunicación mantida co solicitante ou a imposibilidade de establecela, segundo o caso, que servirán de proba para formular ou responder as posibles reclamacións.

6.5. A renuncia inxustificable de acordo coas regras contidas para as listaxes de agarda implicará

a suspensión de chamamentos da lista por un período de seis meses contados a partir do momento da renuncia.

6.6. O persoal fixo que solicite o cambio de quenda e/ou o cambio de localidade na mesma categoría será chamado en primeiro lugar con respecto ao persoal de libre, con ocasión da cobertura dunha vacante.

6.7. O persoal que solicite estes cambios será ordenado baseándose no disposto no artigo 20 do II Convenio colectivo ou norma que a substitúa, de ser o caso.

Sétimo.-*Comisión de seguimento.*

Constituirase unha comisión de seguimento coas partes asinantes deste acordo, para as cuestións contidas expresamente no acordo e para a súa interpretación e aplicación, para a negociación das convocatorias, así como para recibir a información da xestión das listas, ser oídos nas baixas por renuncias e penalizacións.

A comisión será paritaria, con igual número de representantes de cada parte.

De alcanzarse acordos de aplicación xeral deberán ser publicados para coñecemento xeral.

Resolución do 31 de marzo de 2009 pola que se publica o acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos desta universidade derivados dos procesos de provisión e selección.

Con esta resolución procédese a darlle publicidade ao acordo acadado entre a Universidade de Vigo e os representantes de persoal nos órganos con capacidade negociadora das condicións de traballo de persoal de administración e servizos, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2009, logo de informe favorable do Consello Social do día 9 de marzo de 2009.

Así, en cumprimento do previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, esta reitoría, en uso das competencias recollidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades,

RESOLVEU:

Primeiro.-Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do acordo que se achega como anexo a esta resolución.

Segundo.-Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e derroga as normas anteriores sobre esta materia.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, os interesados poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da dita publicación, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 31 de marzo de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO

Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo derivados dos procesos de provisión e selección

Co obxecto de regular mediante un acordo a incorporación e cesamento de persoal, as partes negociaron as seguintes bases, que rexen nos procesos de incorporación e cesamento de persoal derivados dos procesos de provisión e selección.

A incorporación regula os criterios de ocupación polo persoal fixo dos postos de traballo non singularizados. Os de cesamento rexen para ordenar o persoal que, por mor dos devanditos procesos, ten que cesar nos seus nomeamentos ou contratos.

En uso das competencias atribuídas á Xerencia no artigo 75 dos estatutos da Universidade de Vigo, ao seren os órganos lexitimados para negociar a Xunta de Persoal e os comités de empresa de Pontevedra e Ourense, acadan o seguinte acordo sobre criterios de incorporación e cesamento coas seguintes disposicións, que deberán ser ratificadas polos órganos de goberno da Universidade de Vigo.

Primeira.-*Obxecto e ámbito.*

Este acordo ten por obxecto determinar a regulación da incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos derivados de procesos de provisión e selección.

Segunda.-*Cesamento de persoal laboral fixo e funcionario de carreira no posto anterior.*

O persoal laboral fixo ou funcionario de carreira que obteña un novo posto da relación de postos de traballo (RPT) correspondente cesará no anterior posto e tomará posesión no novo nas datas que se determinen na resolución da convocatoria do concurso.

O prazo que se fixe para tomar posesión será dun máximo de tres días hábiles se non implica cambio de residencia nin de localidade do funcionario de

carreira ou persoal laboral fixo, e dun máximo dun mes se implica o cambio de residencia e provincia ou ben por reingreso ao servizo activo. O cambio de domicilio deberá ser certificado mediante os documentos que o acrediten suficientemente.

Por razóns xustificadas poderase prorrogar o prazo de cesamento, por pedimento do interesado, ou ben a criterio da Xerencia, motivado por razóns de servizo, que se deberá notificar á unidade de destino, e por un prazo máximo de 20 días.

O prazo de cesamento comezará a contar a partir da data de alta, no suposto de que o persoal estea en situación de incapacidade laboral. Este prazo tamén se computará a partir da data de remate dos períodos de permisos ou licenzas que o persoal poida estar gozando, agás nos casos de estar en situación de permiso de maternidade ou excedencia maternal con dereito a reserva ou permiso a tempo completo para a realización de tarefas sindicais, que se realizarán para os efectos administrativos sen necesidade de agardar a situación de alta ou incorporación efectiva.

Terceira.-*Incorporación ao novo posto.*

De haber dous ou máis postos iguais nas unidades/seccións e servizos ofertados a concurso como vacante, os xefes de servizo ou directores de área correspondentes exporán, no momento da incorporación, as tarefas máis comúns de cada un deles para que, de ser o caso, o persoal fixo que se incorpora elixa entre eles de acordo coa orde de prelación de méritos do concurso.

Cuarta.-*Cesamento de persoal temporal.*

Como regra xeral, a incorporación do titular ao seu novo destino e/ou a perda do dereito de reserva que lle poida corresponder ao titular implicará o cesamento do funcionario interino e do persoal laboral con contrato temporal ou porá fin á comisión de servizos ou á adscrición provisional.

Sen prexuízo do anterior, cando nunha unidade non se cubran todas as prazas ofertadas da mesma categoría e quenda, o cesamento producirase de acordo coa seguinte orde:

Primeiro: persoal funcionario interino ou persoal temporal con contrato temporal ou laboral fixo en funcións doutra categoría que teña menor puntuación na lista de agarda correspondente.

Segundo: persoal funcionario en comisión de servizos ou persoal laboral fixo con adscrición provisional con menor antigüidade na universidade.

Cando o persoal que estaba sendo substituído por estar nalgunha situación con dereito a reserva obteña un novo posto, poderán darse os seguintes supostos:

- a) Que non se produza a cobertura da praza de orixe polos procesos de provisión correspondentes.
- b) Que non se produza a incorporación efectiva no posto novo.

Se están cubertas con persoal substituto, a persoa substituta continuará nela, coa correspondente modificación, de ser o caso, da causa do contrato, nomeamento ou resolución de adscrición provisional ou comisión de servizos correspondente e pasará de substitución a vacante no suposto a).

No suposto b), se a incorporación no novo posto non se produce de maneira efectiva, con continuidade na situación con dereito de reserva de praza:

b.1) Se a nova praza estaba ocupada por persoal contratado laboral, nomeamento de interino, adscrición provisional ou comisión de servizos, continuarán no seu desempeño logo da modificación do vínculo correspondente e ocupará a substitución do novo titular.

b.2) Se a nova praza non estaba previamente ocupada, a persoa substituta no posto anterior, que cesou nela pola regra xeral por ser ocupada a praza de orixe, terá dereito a que se lle ofrezca a cobertura da substitución da nova praza, cun novo vínculo e sen solución de continuidade.

Quinta.-Cobertura das vacantes.

Unha vez que se coñeza o resultado das incorporacións derivadas do concurso, os postos que se considere necesario cubrir con persoal das listas de agarda serán ofrecidas aos aspirantes das listas para que poidan elixir entre elas, pola orde de prelación de acordo cos criterios de xestión.

Producidas as incorporacións, as incidencias que se xeren con posterioridade resolveranse consonte a orde correspondente, sen que caiba reelección.

Sexta.-Vixencia e entrada en vigor.

Este acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, tras a aprobación polas partes, ratificado por acordo do Consello de Goberno.

A súa vixencia estenderase por dous anos, que se poderán prorrogar automaticamente, se non media denuncia dalgunha das partes, polo menos con dous meses de antelación ao remate da súa vixencia.

Sétima.-Comisión de seguimento.

As partes acordan a constitución dunha comisión de seguimento, que será paritaria, cun número de membros iguais por cada parte.

A comisión de seguimento deberá se consultada nas incidencias, conflitos e reclamacións que se dean na aplicación do acordo. Tamén será competente para a interpretación e aplicación deste acordo. As instrucións que se diten en aplicación deste serán realizadas logo do acordo por maioría de cada parte na citada comisión.

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO MERCANTIL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (500/2006-M).

Domingo Villafañe García, secretario xudicial do Xulgado do Mercantil número un da Coruña, dá fe e testemuño de que no procedemento ordinario 500/2006 que se tramita neste xulgado por instancia de *IB-CINRE, S.L.* fronte a Alberto Trigo Cambón, ditouse a sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva son do teor literal seguinte:

Sentenza:

A Coruña, 2 de xuño de 2008.

Pablo González-Carretero Fojón, maxistrado xuíz do Xulgado do Mercantil número un da Coruña, viu os presentes autos de xuízo ordinario sobre responsabilidade de administradores de sociedade anónima número 500/2006-M, promovidos pola procuradora Carmen Belo González en nome e representación de *IB-CINRE, S.L.* defendida polo letrado Bernardo Coll Fluxá, contra Alberto Trigo Cambón, DNI 79321509-Y, en situación procesual de rebeldía, nos que recaeu esta resolución con base nos seguintes feitos.

Ditame:

Que estimo esencial a demanda deducida pola procuradora Carmen Belo González en nome e representación da entidade mercantil *IB-CINRE, S.L.* contra Alberto Trigo Cambón, en situación procesual de rebeldía, e condeno o expresado demandado a que, como responsable solidario das obrigas xudicialmente declaradas a conta de *SPP Antelo Gas, S.A.*, nos autos de xuízo cambiario números 148/2004 e 268/2004 do Xulgado de Primeira Instancia número un de Carballo, pague á demandante as sumas seguintes:

Trinta mil setenta e sete euros con sesenta e catro céntimos (30.077,64 euros) en concepto do principal, nominal das obrigas de pagamento non pagadas.

Mil catrocentos vinte e un euros con cincuenta e tres céntimos (1.421,53 euros), máis o importe dos xuros vencidos e gastos de devolución acreditados no xuízo cambiario número 148/2004.

A suma correspondente aos demais gastos, xuros e custas que se liquiden e taxen nos autos de execución dimanantes dos xuízos cambiarios número 148/2004 e 268/2004 do Xulgado de Primeira Instancia número un de Carballo. A responsabilidade do demandado, por principal, xuros e custas, non poderá exceder estes autos de corenta e un mil douscentos setenta euros con corenta e un céntimos.

Impono á parte demandada as custas causadas por esta instancia.